CASA ENCANTADA 1991-2002





A CASA ENCANTADA

En 1991, nas inmediacións do barrio de Sar, proliferaban vivendas abandonadas en estado ruinoso. As casas vellas permanecían ocultas ás olladas dos veciños e veciñas confundíndose coa vexetación e o lixo. Unha destas casas, era o antiguo colexio da milagrosa, á altura da rúa Castrón D'Ouro nº 14 bis.

Foi nese ano, 1991, cando vari@s xóvenes inqued@s se toparon con esta casa-escola, abandonada á súa sorte, cos días contados, sen tellado nen chimenea, fiestras queimadas, vigas dobradas, cristais rotos onde os había, ... habitada pola deixadez e algún que outro rato.







Así estaban as cousas no ano 1991...







No barrio de Sar, os números 14 e 15 da Rua Castrón D'Ouro son, dende hai dez anos, a "Casa encantada", logo dun arduo traballo a casa foi restaurada, foi reempregada foi transformada no que agora é para seguir coa laboural social que a fixera centro educativo.


TMZ
KODAK 5054


KODAK 5054 TMZ




KODAK 5054 TMZ




34 KODAK 5054 TMZ
35 KODAK 5054 TMZ
36 KODAK 5054 TMZ


KODAK TX 5063
KODAK TX 5063




KODAK TX 5063
KODAK TX 5063
KODAK TX 5063
KODAK TX 506



Botáronse cháns, levantóuse o tellado, amarráronse as vigas, pintáronse as paredes, limpóuse a maleza, ...

Non foron poucas as tarefas que se levaron a cabo para facer desta casa un lugar habitable e de traballo, e non foi pouca a xente que participou desta labor de construcción da Casa Encantada.

É somentes isto, o mero feito de construir o espazo que antes soñaches, deixando algo de cada un e unha nel, o que o fai especial e diferente, o que o fai propio, pero propio de todos e todas @s que nel traballaron, crearon, en definitiva, de quen a viveu.

Foi o grupo laboral Formigueiro, que xa nacera no barrio de Vite como unha opción profesional (onde se comparten os coñecementos en horizontal para que cada quen poida usalos para si ou, incluso, establecerse pola súa conta), o que facilitou grandemente as labouras de reconstrucción e que, como puidechedes ver en páxinas anteriores, non era doado...











Actuacións maravillosas as que ten habido neste lugar, dalgunhas quedan testemuña, doutras non, unha especialmente bonita foi a realizada pola asociación Estudantes Solidarios que, baixo o nome de "Leituras Compartidas", conseguíu agrupar a varias persoas vidas de toda América do Sur para simplemente iso, compartir leituras da sua terra na nosa e, por suposto, na Casa Encantada, ¿onde si non?











A Biblioteca, sá de leitura, de encontros, aula de cursiños, espazo de xuntanzas de todas as asociacións e colectivos vinculados á Casa e dinamizado principalmente pola "Asociación PreSOS-Galiza", que emprega este local para recibir a familiares de pres@s, artellar estratexias e manter reunións do grupo



de asesoramento xurídico. Equipado con rede informática, teléfono, fax, librería de consulta xurídica, mesas de xuntanza e traballo





Así comeza o proceso de derrubo denominado polo Concello coma Unidade de Actuación U-14, este plan foi aprobado polo Pleno da Corporación de data 24 de marzal de 1997. Consiste a intervención, na demolición das tres casas e muro que as circunda (de máis de 100 anos de antigüedade) para sustituilas por tres bloques de vivendas de luxo, incluindo parking subterráneo e parking público.

Todo isto, supostamente en aras da mellora da cidade cousa incomprensible se, onde agora hai



casas, vai haber outras casas, onde hoxe hai zona verde, vai haber zona verde e, onde hai terra, vai haber un parking público, ou sexa, de pago, sen máis. ¿Onde está pois o beneficio público?

A demolición da Casa Encantada supón a desaparición dun LOCAL SOCIAL que cumple unha función importante na cidade que beneficia a todo o mundo, o plan de actuación U14 é, coma sempre, para o beneficio duns pouc@s que (¿será casualidade?), son @s que sempre se benefician de





Día 2 de xuño, ano 2001, manifestación contra o derrubo da Casa Encantada, 19:00 horas, sol de xustiza pero, ... nin con esas puideron con nós!!!

Compostela, esperta do teu soño turístico-inmobiliario!!

Unha cidade non se mantén só de procesións e festas apostólicas, nin sequera de grandilocuentes plans urbanísticos con pretensións de riqueza (para uns poucos). Gobernar unha cidade, unha vila, é máis que xestionar os seus aparcamentos, máis que video-vixiar aos seus habitantes. O que realmente conta en política é a xente e as cousas que a xente fai coa xente. E neste concello segue a haber xente que non chega a fin de mes nen facendo as contas de lado, xente que non cree na alucinación dunha Compostela santa e inmaculada por que sabe de primeira mau que detrás da fachada segue habendo miseria, humidade e lixo; hai xente que ainda non sabe ler nen escribir, xente (moita) no puto paro, xente con fame, xente con necesidades.

E é a obriga dun Concello tratar coas necesidades da súa xente, de TODA a súa xente. Non vale andar seleccionando quén é máis e quén menos; e os que son "menos" non poden permitir que se lles esconda debaixo da alfombra coma se fosen refugallos. Por que á hora da verdade somos TOD@S quen pagamos os seus salarios.

Na Casa Encantada, levamos dez anos traballando coa xente; nos mesmos, somos xente. Levamos dous lustros facendo o traballc que non souberon ou non quixeron facer tres lexislaturas de alcaldes, prebostes e concelleiros; e non temos soldo nen o queremos. O único que queremos é continuar coa nosa laboura.

Sen embargo as cousas andan bastante tortas. A lóxica do palista-artista, a lóxica de superinmobiliaria beach e da especulación sen escrúpulos, capaz de prescindir sen tapuxos de patrimonios e historia, voa por riba das nosas cabezas coma un abutre. De feito a xogada é boa: mátan-se dous paxaros dun tiro e todos contentos, que os descontentos quedan, coma sempre, FÓRA.

Pois ben: NON. Non estamos de acordo, nen poderemos esta-lo nunca. Se o ideario social dunha cidade é ese, esa cidade é unha cidade morta, e non hai santo de catedral, nen plano urbanístico, nen corpo municipal de policía que poda poñer-lle remedio a iso.

Facemos hoxe dende A Casa Encantada e todo-los colectivos que a constitúen unha chamada aos vivos (que queden) pra que non toleren máis esta situación, pra que loiten po-las súas vidas e po-la vida desta vila rapiñada e fantasmal. Esiximos d@s responsables políticos unha implicación real nesta situación e boa vontade á hora de propoñer alternativas. Estamos fartos e fartas de negociacións a medias luces e de palmadiñas nas costas. Queremos solucións XA. A Casa Encantada non vai desaparecer po-las boas por moito que lle gustara a máis de un. Esa é a realidade e eso é o que hai que ir asumindo.







Os espazos diferenciados cos que actualmente se conta son: Local de ensaio, para todos aqueles grupos que estan comenzado a súa andadura musical; Obradoiro de Informática, dinamizado polo grupo Formigueiro, habilitado para realizar todo tipo de traballos ofimáticos e de deseño gráfico, con conexión Internet ADSL, e taller de reparacion de equipos informáticos orientado non só ao lecer, senón tamén á saida profesional; Obradoiro de Fotografía, habilitado para realizar o revelado e manipulación fotográfica, conta con ampliadoras, maquinas fotográficas, etc. Os cinco anos que leva este cursiño funcinando deu lugar ao nacemento dunha asociación independente que dinamiza o obradoiro, colectivo Negativo/Positivo. Se falamos de arte hai que ter en conta a Galería onde se leva a cabo o Obradoiro de Pintura, para realizar todo tipo de traballos manuais creativos (talleres de pintura, deseño e construcción de monicreques, modelado, ...)

























Compre tamén falar doutros traballos menos visibles ao exterior que desde a casa se potenciaron precisamente pola concepción coa que nacen, ser un ESPACIO LIBRE, ÚTIL, ACTIVO E DE RESPOSTA SOCIAL, estamos a falar daquelas asociacións que atoparon, entre as suas paredes, o lugar onde reunirse e traballar, entre outras, a asociación PreS.O.S. de Galiza que, a dia de hoxe atópase asentada na Casa Encantada. Este colectivo apoia e axuda aos sectores máis desfavorecidos e con menos recursos da sociedade e é nos locais rehabilitados desta casa onde atende ás persoas, tanto ás directamente afectadas como familiares, aportando o consello ou recurso que estexa na súa man, só hai que achegarse ao local os martes ou xoves para poder ver a labor que se ven levando a cabo desde hai ben anos. Ademáis dieto., cabe sinalar que, na actualidade, todos os primeiros sábados de cada mes, reúnese a Coordinadora Galega de Comités Antisida de Galicia, conformándose a casa como lugar de encontro de posturas e colectivos disparos que pretenden aunar esforzos e traballo. Dentro do mesmo marco temos que salientar tamén a participación doutras asociacións que teñen pasado pola casa, grupos ecoloxistas como XERFA, grupos antimilitaristas como o M.O.C., S.O.S. Racismo, Asoc. PAXARIÑOS, que facía colonias de verán gratuitas para nenos e nenas do rural, ... etc. A casa, en todo caso, serviu de espacio de encontro e traballo dos máis heteroxéneos colectivos que atopaban, nun espacio común, puntos de unión que quizá non se terían dado doutro xeito. Máis recentemente e polas mesmas razóns, reúnese nos locais da Casa Encantada, a Coordinadora Nacional Galega da Marcha Mundial de Mulleres, conformada por mulleres que representan a máis de corenta colectivos, asociacións e organizacións de carácter político, sindical, social, cultural e feminista e cuio traballo e ideais renovaron as forzas da Casa Encantada.







Non podemos rematar a exposición do que levan sendo estes dez anos de traballo social sen resaltar a importancia da vivenda e terreos que circundan o local , non é doado vivir á beira dun local social, por si alguén ten algunha dúbida, máis ben é difícil e sacrificado pero, tamén é certo que, se non existira a vivenda, a Casa Encantada non tería chegado a ser. Compostela é unha cidade complexa, cunha poboación que varía nun 90% do verán ao







A casa como proxecto tentou, desde sempre, aportar ao barrio aquelo que o abandono lle tiña arrebatado, así viñeron os primeiros compromisos, escomezouse a colaborar cos veciños e veciñas na organización de festas tradicionais: cacharelas de "San Xoán", pasarrúas e magostos, retomando, neste barrio, tradicións que xa se perderan. De ahí a creación da biblioteca, además da programación dun variado elenco de cursiños abertos á participación de todo o mundo, desde gaita até xadrez, pasando polo ioga, tai-chi, fotografía, galego, italiano, alemán, euskera, tamén baile galego, teatro, malabares, monicreques, solfeo, e un longo etcétera. Os cursiños foron e son abertos, gratuítos e participativos, facendo especial fincapé na gratuidade de todas as actividades xa que, unha das reivindicacións máis antigas da Casa é, precisamente, ser un

A Casa Encantada emocionouse o pasado día 25 de novembro deste ano, día internacional da Non violencia Contra as Mulleres, cando unha representante da Coordinadora Nacional Galega da Marcha Mundial das Mulleres, leía o seguinte comunicado:

"Simulamos hoxe un campamento de refuxiadas. Para Nós é o único día, unha vez ao ano. Mais moitas mulleres levan anos (algunhas pasan toda a vida) coa casa ás costas. Outras, decostas a si mesmas, acharon nas suas casas o seu cárcere, moitas o seu siléncio, mesmo a sua tumba. As que máis sorte tiveron foron aquelas que conseguiron sobreviver contando histórias, soñando outros tempos e construíndo, non só mais tamén coas palabras, utopias necesárias para continuar loitando. Nesas narracións adoita sempre aparecer unha casa diferente, un paraíso de liberdade onde non existan as reixas, onde as portas sempre estén abertas e onde as armas sexan as palabras. Se hai tempo en que moitas mulleres xa non soñamos con príncipes azuis, tamén rexeitamos as casas-castelo, casas-fortaleza, casas-seguridade e casas-símbolo de ben estar social e acomodo burgués. As mulleres soñamos con outras casas, sen luxos, sen apariencias, casas das pequenas cousas, onde o importante é a xente que vai e vén, o espazo e o ar e, sobre todo, as cousas que se fan. Hai xa máis dun ano que nós tivemos a posibilidade de recuperarmos as palabras que o vento nos levou (como á Paula do conto que tivo que buscá-las para facer a súa própria história); o vento, ese elemento masculino que coa forza quere arrebatar-nos a razón, igual que hai xa case un ano, aproveitando a excusa do temporal, tirou un muro que resistia o avanzo do tempo e funcionaba como fronteira en que morrian as agresións e a violéncia. Nesa pescuda, nese proceso de reencontro con nós mesmas, buscando un outro mundo posíbel, esa utopía que nos fai avanzar, a Coordenadora da Marcha Mundial de Mulleres foi obxecto dunha seducción, dun encantamento, dun encontro coas suas raíces: a imaxinación e a viaxe, nun camiño sen retorno que seguiremos a okupar coa nosa presenza. As mulleres saben, sabemos moito de resisténcia, de resisténcia como manera de loita. Mais neste caso cómpre algo máis que resistir, é necesário acreditarmos no soño da Casa Encantada, o noso próprio soño, o que









O Bar, lugar de encontros e desencontros, de festas e acontecementos varios, serviu non só para obter en determinados momentos alguns cartos (que sempre ven ben), senón para realizar charlas, debates ou actuacións orientadas a público de todas as clases sociais que non teñen o seu lugar nos espacios determinados socialmente para acudir a ver unha obra de teatro, ou unha película. Ademáis foi lugar de referencia para distintas asociacións que recordaban cando o barracón do Burgo das Nacións servía de sistema de autoxestión para moitas organizacións que non contaban cos parabéns das institucións.







Sá de Teatro, para o traballo e o lecer a partes iguais, este é o lugar onde se proxectan as películas dos ciclos de Cinema Encantado, pero tamen é o lugar onde moitos grupos de teatro ensaiaron as súas obras, e onde moitas bandas de música deron os seus concertos.

Foron pois moitas as distintas actuacións que se realizaron e sempre por unha boa causa e sempre dunha gran calidade, non só artística, senón tamén humana, sobre todo humana.





O local social conta cunha superficie total de parcela de 1692 m^2, dos cales 380 m2 son de superficie construida, o terreo que circunda a casa destínase ao cultivo da horta ecolóxica e ten además, un pequeno patio interno.






OBRA REPARACION DEL MURO









Mais Espazos

O Almacén, dividido en tres estancias, que rodean a casa, ubicadas nos baixos laterais do inmoble, sitio máis que necesario vendo a dinámica da Casa pola que todo sirve e nada se pode tirar




SA ENCANTADA
ONIO DA HUMANIDADE
SOCIAL DENDE 1992


CASA ENCANTAD
TRIMONIO DA HUMAN
SOCIAL DENDE















Xa non son todas as que están, nin están todas as que son.... En lembraza de zapa, que naceu, viviu e morreu na sua casa encantada...







12



Cultivar o terreo que rodea a casa tamén foi un dos obxectivos primordiais, e así se fixo e continua dando os seus





(Sementar sementarei)

Okupar, okuparei
o espacio sen okupar
en canto no povo sexa
un luxo, vivir e alugar

A asociación de Pre.S.O.S.
non ten nunca un lugar
fanche traballos desos
dos que se hai que afastar.

Os músicos fan concertos
de música popular
tocan con dous cubertos
as coplas do seu lugar.

(A Saia de Carolina)

Concello de Compostela
non fas máis que derrubar
andas-nos tirando casas
pra despois especular.

Bugallo non a tires
Encarna deixaa estar
A Casa Encantada
(3 veces) é moi mala de tirar

(O Sacristán de Coimbra)

Casa Encantada
Aguanta en pe
Ti ere-la casa do meu querer

Eu quixera ser político
e ter o bico encarnado
para facer o meu piso
nun chalet adosado.

O alcalde de Santiago
facía dez mil diabluras
sacaba os coches da acera
chamaba aos chulos da grúa.

Bugallo tamén ten ardores
Bugallo tamén ten desexos
está casado coa Encarna
e saca-che un pacto de esos.





Vénse de aprobar nestas datas, dous plans urbanísticos de especial importancia para entender o conxunto de actuacións pendentes na zona do Barrio de Sar, estamos a referirnos ao Plan de Ordenación do Parque Público de Belvís, tamén denominado P5. Isto vai supoñer a reordenación do conxunto da vagoada de Belvís cunha extensión de espazos libres de 60.000 m^2 e 6500 m^2 de espazos dotacionais. Decimos que é de especial importancia o seguimento da evolución da aprobación deste plan, porque a situación estratéxica da casa encantada, no vértice inferior do parque de Belvís, claramente nos decanta como porta de entrada a todo o conxunto.As posibles solucións deberían ter unha vision máis de conxunto, sería un erro desperdiciar a ocasión de que A Casa Encantada sexa incluída neste entorno do Parque de Belvís e impedir o sacrificio do inmoble en aras da dotación vial e especulativa. É por iso que temos presentadas alegacións aos efeitos de que se inclua este proxecto no entorno do PU5.

Xa para rematar, salientar a necesidade, de garantir a continuidade das actividades deste colectivo. Estamos todos/as de acordo en que esta iniciativa debe seguir, e para isto débense dar os pasos axeitados:

*Primeiramente, é necesario un recoñecemento público das institucións, particularmente do concello de Compostela, da existencia dun local social na Casa Encantada que implica, consecuentemente, o recoñocemento dun traballo anónimo, de vital importancia para a dinámica sociocomunitaria de Santiago

*Que se faga unha reevaluación por parte do Concello en colaboura co Colexio de Arquitectos de Galicia e da Comisión de Urbanismo da Xunta de Galicia, dos informes arqueolóxicos e arquitectónicos emitidos en 1990 do conxunto constructivo "A Casa Encantada".

*Que se destine na aprobación final do Plan PU5 de Belvís, a reserva de areas dotacionais para o traslado do local social A Casa Encantada, (entre outros espacios sería óptimo o denominado Dotacional Equipamiento Deportivo 2 DED2 e Area Dotacional do Olvido ADO).

A reserva de terreo e infraestructura debería en todo caso cubrir as necesidades actuais da Casa Encantada, isto é, un local multifuncional con áreas de obradoiros, salas comúns de reunións, espazo de almacenamento e terreo de cultivo ecolóxico. Para a consecución deste fin crearíase unha comisión paritaria para a elaboración destas ideas e posterior plasmación na aprobación definitiva do Plan de Ordenación de Belvís.

Esta solución permitiría que a Casa Encantada non se movera do Barrio e, o máis importante, que se garantizase a súa continuidade.







U14



U14

Finalmente, non queríamos que este dossier informativo obviara as reivindicacións ás que a Casa Encantada como asociación ten chegado. Estas propostas de futuro pasan claramente pola adopción de medidas de carácter urbanístico que deben ser reconsideradas e traducidas en medidas máis sensatas.

Así, o propio Plan Xeral autoriza expresamente a súa revisión, contrariamente ao que expresan, reiteradamente, representantes do noso Concello, polo que a nosa primeira proposta irrenunciable, pasa pola modificación das previsións para a Unidade 14, reelaborando o plan de actuación urbanística, no senso de impedir a demolición do inmoble sede da Casa Encantada. Buscando solucións de ordenación máis acordes cas necesidades do barrio, entre as que se atopa a creación dun parque infantil na horta da casa, a conservación e reconstrucción dos muros divisorios a fin de manter unha tipoloxía constructiva de carácter secular e a restauración da vivenda centenaria dos números 14 e 15, correspondentes á Casa Encantada. Esta proposta podría incluso integrar a posibilidade de realizar un vial de dimensións máis reducidas que o actualmente previsto, peatonalizando con isto a Rúa do Pexego.

Nesta liña de argumentación, creemos innecesaria, e polo tanto opoñémonos á creación dun aparcamento subterráneo na zona, polo grande impacto, tanto visual como tipolóxico que o mesmo terá nunha zona caracterizada pola división murada, os camiños radiais e a zona de hortas.

Solicitamos a práctica de novos informes de caracter arqueolóxico, arquitectónico e etnográfico, a fin de cuantificar a perda patrimonial que a demolición supón. Entendemos que o concello non debería temer a revisión das súas decisións, xa que este debe ser o obxectivo último das suas actuacións políticas. Neste senso, entendemos que a reordenación e conservación da vivenda atópase máis en conxunción co Plan Especial que a demolición e contrución de vivendas de luxo e aparcamentos.

Facer unha breve mención ás vivendas proxectadas na zona; como así consta na U14. a demolición do noso inmoble dará lugar á construcción de 1800 m2 de vivendas. É de vital importancia realizar unha valoración dos beneficios que traerá para a comunidade esta actuación. Como consta na documentación estudiada, as vivendas proxectadas polo promotor constarán de tres bloques alineados coa carreteira da rúa do Sar, consistentes dous deles en baixo máis un piso, e o outro en baixo máis dous pisos, descoñecéndose o prezo final de saída, mais non é dificil aproximarse, tendo en conta a tendencia das construcións adxacentes na zona (p.e. Compostela Beach, 45 millóns por vivenda na aceira de enfrente).

Exisimos unha revisión da política urbanística que impida "frear o proceso de expulsión das capas de poboación de baixos ingresos e impedindo a invasión da inversión privada ".

É posible optar por outra alternativa política para situacións como a que se está a vivir na Casa Encantada. O concello gastará a nada despreciable suma de 4000 millóns en expropiacións e indemnizacións. Este gasto priorízase na adquisición de inmobles de abolengo (Pazo de Amarante). Nós reclamamos a aplicación doutros criterios. Propoñemos pois que o concello gaste unha parte insignificante deses 4000 millóns na adquisición, para a comunidade do Barrio de Sar, deste espazo de gran importancia urbanística que, en todo caso,



Tirada: 1000 exemplares